

San Serapio de Conxo

IAGO RODRÍGUEZ

Santiago

A piques de rematar o verán, o barrio compostelán de Conxo celebrará un ano máis as súas tradicionais festas na honra a San Serapio, que causarán furor con diversas actividades lúdicas e propostas musicais dirixidas a todas as idades durante todo o fin de semana.

A encargada de dar inicio aos festexos co pregón será unha cara, e voz, coñecida por todos os santiagueses, a periodista e escritora María Solar. Nada na capital galega, a comunicadora comezou a súa andadura laboral como actriz de dobraxe e traballando para a emisora Radio Compostela.

A súa carreira xornalística centrouse na radio e na televisión autonómica de Galicia, campos aos que leva vinculada dende hai vinte anos. É coñecida por ser a presentadora do programa cultural da TVG *Zigzag diario*, *Ciencianosa*, *En pé de festa*, *Arrampla con todo* ou *A revista fin de semana*. Actualmente presenta o cultural *Zigzag Fin de Semana* na TVG e coordina os programas culturais na CRTVG.

Tamén foi unha destacada figura da Radio Galega, chegando a ser directora e presentadora durante oito anos do programa *As tardes da Galega* e do programa especializado en literatura *Chamando á Terra*.

Non suficiente con isto, Solar tamén dedica tempo a unha das súas principais paixóns, a literatura. A súa obra non segue unha liña concreta, pois dende 2008 presentou libros tanto para o público infantil como adulto, que chegaron a ser traducidos a diferentes idiomas: galego, catalán, portugués, polaco, filipino, chinés ou italiano.

Música, xogos, polbo e alegría no San Serapio

O famoso barrio compostelán celebrará esta fin de semana por todo o alto as súas tradicionais festas para pechar o verán



CEDIDA

Os membros da comisión de festas de San Serapio.

O venres, a partir das 20.45 horas, animarán o ambiente os cantos de taberna dos bares Os Mallos, Marló, Conxobar, Caimán, a Pulpería García e a cantina da festa. Pola medianoite, a música da Discomóvil CDC sacará a bailar aos presentes.

O sábado, haberá torneo de chave ás 10.00 horas. Logo, ás 14.00, sesión vermú da man de trío Alborada e, de 16.00 a 20.00 horas, desenvolveránse os xogos *A Casa das Linguas*. Ás 19.00 celebrárase unha festa con música dos oitenta e no-



CEDIDA

María Solar dará o pregón que inaugurará as celebracións.

venta con DJ Quimba e pecharán a xornada o grupo Claxxon e o trío Alborada cunha verbena nocturna a partir das 22.00 horas.

O último día, domingo, terá lugar a saída do Rosario de San Serapio, que partirá ás 11.00 horas da praza das Praterías acompañado da Sesión Musical Veracruz e os gaiteiros da Asociación de música e baile tradicional de Conxo, ata a súa chegada á igrexa parroquial de Nosa Señora da Mercé de Conxo. Ás 13.00 oficiárase unha misa solemne. A orquestra Los Españoles amenizará a sesión vermú do mediodía e, ás

Os visitantes poderán degustar racións de polbo nas tres xornadas festivas

17.30 horas, haberá inchables dispoñibles para socios. As celebracións culminarán coa música da orquestra Los Españoles e o trío Arena.

Por outra banda, os festeiros poderán matar o apetito con exquisitas racións de polbo nos tres días de troula, cortesía da Pulpería García.

Agradecemento da comisión

Dende a comisión de festas de San Serapio aproveitaron a ocasión para «agradecer a todos os veciños e amigos que colaboraron co barrio para poder seguir esta tradición. En especial polo centenario sen concello», así como desexar «unhas festas maravillosas coas que rir, bailar ata caer rendidos e celebrar a vida, que xa se nos demostrou que en moitas ocasións é moi curta.



Cervela
a pastelería



o sabor que che gusta

OBRADOIRO: Avda. de Pontevedra, 101 | 36680 A Estrada • T. 986 570 394

DESPACHOS:

A ESTRADA
Avda. de Pontevedra, 9
T. 986 570 121
Calvo Sotelo, 46
T. 986 573 616

CUNTIS
Jesús Sánchez, 4
T. 986 548 728

CALDAS DE REI
Travesía Sagasta, 26
T. 986 530 895

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Avda. de Vilagarcía, 31
T. 881 976 670
Rúa Restolal, 50
C. Comercial Hipercor
Agro do Medio s/n
Supercor • Ames, Milladoiro



Meridiano
COMPANHIA DE SEGUROS
SEGUROS DE DECESES Y GENERALES

SERVICIOS FUNERARIOS
José Ramón García Bravo
(Moncho)

Area Central, 1ª planta - L25 • Santiago de Compostela
Oficina: 981 594 772 • Moncho: 619 735 626 | segurosmeridianosantiago@gmail.com



Carpin Conxo

Carpintería de madeira en xeral

Teléfono: 620 727 291
Marcos | carpinconxo@hotmail.com



Consa

- FONTANERÍA
- CALEFACCIÓN
- CLIMATIZACIÓN
- GAS

Atención 24h
669 050 000

C/ Sanchos Freixas, 49-53 Bajo • Santiago
T. 981 599 860



Unisex

Tendencias
Peluquería - Estética

Avda. de Ferrol, nº 77 Bajo • Santiago • T. 981 525 621 Síguenos en: 